

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 11/05/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 11/05/2020 reuníronse na Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoritas/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04-may-2020, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/1146

Dáse conta do seguinte informe do Encargado do Servizo de Alumeado Público, en relación coa oferta presentada por Gas Natural Comercializadora, S.A. para o Concello de Vilagarcía e a Fundación Municipal de Deportes, na que se reflictan unhas propostas de prezos inferiores aos que se viñan pagando ata a data:

La presente oferta debe ser considerada como una oferta de transición para evitar el sobrecoste que hay actualmente en los suministros en mercado libre y reducir los costes administrativos de la gestión de facturación por parte del Ayuntamiento, pero, cuando las circunstancias y recursos municipales lo permitan, se debe iniciar el expediente de contratación del suministro de electricidad de todos los servicios municipales, además la situación actual de precios bajos del Mercado de electricidad así lo recomienda.

- La presente oferta permitirá agrupar facturas. En vez de tener que gestionar el pago de facturas individuales mensuales, se gestionará una única factura por servicio al mes, con el ahorro de costes administrativos, no cuantificado, que esto supone.

- En cuanto a la repercusión económica, se muestra a continuación una comparativa de los precios actuales y los nuevos precios de la oferta aplicados a los consumos del último año de todos los suministros municipales. Con las nuevas condiciones se obtendrían unos ahorros totales de: 122.559,21 € por año, o lo que es lo mismo, sobre 10.231,27 € por mes.(Incluído o Concello e a Fundación de Deportes)

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar os novos prezos ofertados por Gas Natural Comercializadora, S.A. para o Concello e a Fundación Municipal de Deportes, que seguirán vixentes ata o 31 de decembro de 2020, data límite de aplicación destes novos prezos ofertados.

Dar conta á Fundación de Deportes.

PRP2020/1195

Dáse conta do escrito presentado por D. Enrique Lago Campos polo que cede ao Concello a superficie de 30,37m² na Rúa Perrón nº 11, Rubiáns, destinada ao ancheamento da vía pública conforme ao plano que se achega da seguinte parcela:

“Parcela situada en rúa Perrón nº 11, Rubiáns, do Concello de Vilagarcía de Arousa, que conta cunha superficie de 1.170 m², con referencia catastral 1149909NH2114N0001OQ, segundo consulta descriptiva e gráfica.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión da superficie indicada de 30,37 m², afectados pola aliñación fixada no PXOM.

PRP2020/1196

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Pilar Lages Padín polo que cede ao Concello a superficie de 285 m² na Rúa Perrón nº 45, Rubiáns, destinada ao ancheamento da vía pública conforme ao plano que se achega da seguinte parcela:

“Parcela situada en rúa Perrón nº 45, Rubiáns, do Concello de Vilagarcía de Arousa, que conta cunha superficie de 2.849,00 m², con referencia catastral 1149972NH2114N0001LQ, segundo consulta descriptiva e gráfica.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión da superficie indicada de 285 m², afectados pola aliñación fixada no PXOM.

PRP2020/1199

Dáse conta de resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1200

Dáse conta de Orde do Ministerio de Sanidade - SND/388/2020, de 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, e a apertura de arquivos, así como para a práctica do deporte profesional federado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1201

Dáse conta de Orde do Ministerio de Sanidade - SND/387/2020, de 3 de maio, pola que se regula o proceso de cogobernanza coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para a transición a unha nova normalidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1202

Dáse conta de Orde do Ministerio de Sanidade - SND/386/2020, de 3 de maio, pola que se flexibilizan determinadas restricións sociais e se determinan as condicións de desenvolvemento da actividade de comercio minorista e de prestación de servizos, así como das actividades de hostalería e restauración nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1203

Dáse conta do Real Decreto-Lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para fazer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1204

dáse conta da Resolución do 1 de maio de 2020, da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se acorda a continuación de determinados procedementos relativos á concesión de subvención e convenios.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1205

Dáse conta de orde do 4 de maio de 2020, da Consellería do Medio Rural, pola que se modifica a Orde do 23 de marzo de 2020 pola que se adoptan medidas de carácter obligatorio en relación co COVID-19, en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa de emergencia sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo, sobre a venda directa de produtos agroalimentarios nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en horas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1206

Dáse conta de Resolución de 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación e emergencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 6 de maio de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1216

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA para a reparación da bomba da estación de bombeo Composan, situado nas proximidades da Casa do Lago, por un importe total de 3.126,49 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1217

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA para a reparación da bomba da estación de bombeo Praza 2, situado na zona do Mercado de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 3.111,93 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/1209

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2020, actualizadas ao primeiro trimestre (31 de marzo de 2020) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 375 empregados e un total de gasto de 2.537.802,76 € (retribucións e seguridade social), dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

PRP2020/1226

Dáse conta da comunicación remitida pola Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, en relación a asignación de horaas para o servizo de axuda no fogar temporal e extraordinario de 3.074 horas/mes ao Concello de Vilagarcía de Arousa e que terán unha vixencia dende o pasado 14/03/2020, para poder financiar as atencións urxentes postas en marcha dende o momento do recoñecemento da situación de Emerxencia Sanitaria en Galicia e do Estado de Alarma no conxunto de España, e estenderase mentres se manteñan as circunstancias que o motivaron.

Asimismo comunican que se exime do copago ás persoas usuarias e este importe será aboadado por parte da Xunta de Galicia a través dunha cantidade fixa de 12euros/hora de prestación efectiva de servizo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2020/1189

Vista a proposta da Concelleira de Promoción Económica en relación a estratexia que ten previsto afrontar ao longo de 2020 de recuperación económica fronte ao COVID-19 baseada nas accións de analise da situación, elaboración dunha estratexia integral na procura da optimización dos recursos dipoñibles para o desenvolvemento urbano, e establecemento dunha mesa de recuperación coa participación de todas as forzas políticas axentes económicos e sociais para a recuperación integrada da actividade.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a contratación da empresa empresa Craftium Consultores S.L CIF: B-94157260 Alcalde Rey Daviña 2, 3C 36600 Vilagarcía de Arousa, para a asistencia no deseño da estratexia integrada de recuperación económica detallada no proxecto e orzamento formulado pola mesma.
- Aprobar o aboamento a Craftium Consultores S.L. da cantidade de SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS IVE ENGADIDO (7.260,00 €/ IVE engadido) segundo orzamento presentado, con cargo á paritda 433-22706

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/1179

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Globalia Urbanismo Integral, S.L., para o subministro de material para reapración da madeira da ponte da Xunqueira, por un importe total de 3.431,92€ (IVE incluído), con cargo á partida 453-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1183

Dáse conta da sinatura da prórroga do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Vilagarcía de Arousa para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER).

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais que deberá executar a entidade local de vilagarcía de Arousa no marco dese convenio durante o ano 2020 serán as recollidas no anexo da Addenda e son as seguintes:

- Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos DE XEITO MECANIZADO en vías e camiños de titularidade municipal en 10 hectáreas. Total da axuda que se poderá recibir: 1.301,00 €.
- Participación na prevención e defensa contra incendios forestal mediante a contratación durante 3 meses dunha brigada de 5 compoñentes para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,0348 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual:
 - Axuda máxima vixilancia/defensa: 15.934,62 €/brigada.
 - Axuda máxima prevención:11.250 €/brigada
 - TOTAL AXUDA EN MATERIA DE LABORES DE BRIGADA: 27.184,62 €

Das cláusulas sétima e oitava recóllense os compromisos que adquire o Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Departamento de Recursos Humanos para a contratación de persoal.

CONTRATACIÓN

PRP2020/1008

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, mobilidade e xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto modificado da obra "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VILAXOÁN 2018", redactado por don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña e adxudicar os traballos á mercantil Mondo Ibérica, S.A., adxudicataria do contrato, por importe de 204.000,81€ (IVE engadido, o que supón unha modificación do 2,01%).
- 2.- Requerir a Mondo Ibérica, S.A. para que proceda ao reaxuste da garantía no importe que

proceda.

PRP2020/1180

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, para solicitar á Deputación de Pontevedra, unha subvención con cargo ao Plan Concellos 2020, para o investimento denominado "Mellora de Servizos e Urbanización na Rúa Freixo en Vilaxoán":

Dado que o concello de Vilagarcía de Arousa dispón xa da documentación técnica e administrativa necesaria para solicitar a financiación de investimentos ao abeiro do Plan Concellos 2020.

Asemade, por acordo da XGL de data 04/05/2020 aprobase o proxecto técnico e de execución de "Mellora de servizos e urbanización na Rúa Freixo en Vilaxoán", redactado polo técnico Miguel Angel Fariñas Martín, cuxo importe de execución ascende a 148.571,45 euros (IVE engadido).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a financiación do citado investimento, por importe de 148.571,45€ (100% do investimento previsto), con cargo ao Plan Provincial e Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, aprobado polo Pleno da Deputación do 29 de novembro de 2019 (BOP 2 de xaneiro de 2020).

PRP2020/1213

Dáse conta da prórroga do prazo de execución e xustificación do "Plan de Remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais" (Plan DEPO-REMSE):

- Ata o 31 de maio de 2021 o prazo de execución dos investimentos.
- Ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de xustificación dos investimentos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1214

Dáse conta da solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra - Servizo de Cooperación, da prórroga da data límite de execución das obras acometidas ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa, para levar a cabo o proxecto de "Acondicionamento da Vía Verde do Salnés - I Fase construtiva".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1215

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado or IDOM Consulting, Engineering, Architecture SAU, para un servizo de Consultoría e definición das EI do obxectivo temático 9 da EDUSI do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 14.520,00 €(IVE incluído), con cargo á partida 150.2270617.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/1176

De conformidade co disposto na base 58^a das BEO 2020, dase conta á Xunta de Goberno Local dos Informes da Intervención Municipal e da Intervención delegada da Fundación de Deportes, relativos ao Período Medio de Pago (PMP), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, correspondente ó 1º Trimestre 2020 e que comprende as seguintes ratios:

Descripción da Entidade	Ratio Operacion Pendentes de Pago	Importe de Operacions Pendentes de Pago	Ratio Operacions Págadas	Importe de Operacions Pagadas	Periodo Medio de Pago da Entidade	Periodo Medio de Pago do Grupo
Concello de Vilagarcía de Arousa	24,7	483.233,32	28,43	2.827.025,18	27,89	27,23
Fundación de Deportes Vilagarcía	0,01	35.667,79	6,42	57.781,32	3,97	27,23

Achégase co presente informe os listados obtidos da aplicación referidos a xustificantes pagados no período e xustificantes pendentes de pago, relativos á contabilidade do Concello exclusivamente.

PME do grupo e das Entidades:

Período Medio de Pago do Grupo (PMPG) 27,23, atópase dentro do límite legal.

- PMP da entidade Matriz (PMPEM), 27,89, atópase dentro do límite legal.
- PMP da entidade Dependente (PMPOA), 3,97 atópase dentro do límite legal.

Asemade dase do cumprimento da obriga de súa remisión ao Ministerio de Facenda.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1184

Visto o expediente de gasto integrado polo xustificador de gasto con Nº de rexistro 2020/2912, importe de 23.986,77€ emitido pola empresa ACTIV. DE CONST., EDIF. Y VIALES, S.L., adxudicataria do contrato de obras que ten por obxecto “REFORMA GRADERIO DE PREFERENCIA. CAMPO FUTBOL DA LOMBA. OBRA(2)Nº1/19/2018 POS 2018.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de Obriga para o rexistro Nº F/2020/2912 co seguinte desglose:

Nº Rexistro Factura	Documento	Fecha Doc.	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
F/2020/2912	TRES	29/04/2020	2020 341-63200	23.986,77€	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	CERTIFICACIÓN TRES. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA. VILAGARCÍA.

2. Aprobación cesión do derecho de cobro da CERTIFICACIÓN TRES. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA polo importe de 23.986,77€ a favor de BORROX FINANCE, S.L. (CIF: B87774931)

PRP2020/1181

Visto o expediente de gasto integrado polo xustificador de gasto con Nº de rexistro 2020/2911, importe de 8.071,97€ emitido pola empresa ACTIV. DE CONST., EDIF. Y VIALES, S.L., adxudicataria do contrato de obras que ten por obxecto “REFORMA GRADERIO DE PREFERENCIA. CAMPO FUTBOL DA LOMBA. OBRA(2)Nº1/19/2018 POS 2018.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O recoñecemento de Obriga para o rexistro N° F/2020/2911 co seguinte desglose:

Nº Registro Factura	Documento	Fecha Doc.	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2020/2911	DUAS	21/04/2020	2020 63200	341-8.071,97€	ACTIVIDADES CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	DE CERTIFICACIÓN DUAS. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA. VILAGARCÍA.

2. A aprobación da Primeira cesión do dereito de cobro da CERTIFICACIÓN DUAS. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA polo importe de 8.071,97€ a favor de ZEPA FINANCE, S.L. (CIF: b88354345)
3. A aprobación da segunda cesión do dereito de cobro da CERTIFICACIÓN DUAS. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA polo importe de 8.071,97€ a favor de ZEPA SECTOR PUBLICO 1, FT.(CIF V88399225).

PRP2020/1187

Visto o expediente de gasto integrado polo xustificante de gasto con N° de rexistro 2020/670, importe de 20.672,85€ emitido pola empresa ALFONSO BOTANA S.L., adxudicataria do contrato de servizos que ten por obxecto “Fase 2 dos traballos de continuidade da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa ata a súa aprobación inicial”, OBRA (2) nº01/23/2018.

Visto que dito xustificante de gasto se corresponde coa segunda fase de execución de contrato, e que polo arquitecto municipal emitiuse informe favorable á tramitación da factura por entender que a documentación presentada se axusta ao prego de prescripcións técnicas.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para o xustificante de gasto con N° de rexistro contable 2020/670, por importe de 20.672,85€ coa seguinte desagregación:

Nº Entrada	Fecha	Nº Documento	de Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplicación Gastos	Proxecto de Gasto
F/2020/670	27/01/2020	ABSL2020-11	26.672,85	B70531595	ALFONSO BOTANA, S.L.	Fase 2 dos traballos de continuidade da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilagarcía de Aro	151-627	OBRA(2)Nº 01/23/2018

PRP2020/1193

Visto o expediente de gasto INT/2020/171 integrado pola relación de xustificantes de gasto F/2020/45 por un importe global de 8.758,29 €.

Vista a fiscalización previa limitada favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1-A convalidación do expediente de gasto mediante os informes dos/as Concelleiros/as delegados/as para os xustificantes de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación F/2020/45, co seguinte detalle:

REX.	Importe	Progr.	Econ.	EMPRESA	CONCEPTO A CONVALIDAR
F/2020/2164	3.367,91	132	22104	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	ZAPATO PANTER 81550 URBAN SYMPATEX O2 / CAZADORA P.L. ESTELA CZ-025 GORETEX (CON VELCRO EN PECHO Y BRAZOS -) / PAN
F/2020/2201	500,01	2312	22615	EMPRESA PEREIRA, S.L.	01/03/2020 Servicio de un autocar desde Vilagarcía a Verín (Area de Igualdade); espera e regreso

2-O Recoñecemento de Obriga para a relación de xustificantes de gasto N° F/2020/45, por

importe de 8.758,29 € co seguinte desglose:

REX.	Fecha	Nº Documento	de Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr,	Econ,
F/2020/2077	18/03/2020	Rect-3 2020	18/03/2020	1.418,02	ASESOR. TRIBUTARIO LOCAL, SL	Rect. 3 2020 / Asistencia Técnica en la comprobación del Impuesto sobre Actividades Económicas, Impuesto sobre Construcción	931	22707
F/2020/2164	21/03/2020	D01 2258	20/03/2020	3.367,91	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	ZAPATO PANTER 81550 URBAN SYMPATEX O2 / CAZADORA P.L. ESTELA CZ-025 GORETEX (CON VELCRO EN PECHO Y BRAZOS -) / PAN	132	22104
F/2020/2165	21/03/2020	FV 200300	19/03/2020	246,84	OZONA CONSULTING, S.L.	Ampliación servicio AaaS (7 meses cotérmino a octubre 2020)	9201	22706
F/2020/2201	26/03/2020	3-2- 2020	26/03/2020	500,01	EMPRESA PEREIRA, S.L.	01/03/2020 Servicio de un autocar desde Vilagarcía a Verín (Área de Igualdade); espera e regreso	2312	22615
F/2020/2222	31/03/2020	REP-20 003	31/03/2020	215,33	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Reparto material publicitario de las actividades de carácter cultural.	334	22602
F/2020/2855	20/04/2020	000022/2020	14/04/2020	40,00	GARCIA RODRIGUEZ, Mª TRINIDAD	SOLUCION METADONA AL 1%.SPAD.	2311	22106
F/2020/2879	22/04/2020	8/2020	06/04/2020	312,18	VILLASVERDE PADIN, ALBERTO	REPARACIÓN CALDEIRA CALEFACCIÓN ALOXAMENTO ALTERNATIVO.	231	2269919
F/2020/2903	27/04/2020	2020/11	27/04/2020	1.573,00	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS CONTRATO PRESTACION ASISTENCIA TECNICA ENXEÑERIA CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL.	150	22706
F/2020/2913	27/04/2020	04/20	27/04/2020	1.085,00	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA NA AREA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VILAGARCIA NOMES DE ABRIL.	2312	22604
			TOTAL	8.758,29				

PRP2020/1191

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obriga a favor de Bonecos Vilagarcía SL correspondente á indemnización derivada da suspensión do contrato para o período solicitado e acreditado (16 a 31 de marzo de 2020) de servizos da Escola Infantil de Vilagarcía de Arousa, pola segunda quincena de marzo, como consecuencia do Estado de Alarma Sanitaria polo Covid-19, por importe de 21.574,82 €, con cargo á partida 323.48007.

PRP2020/1192

Dáse conta de escrito presentado por D. Joaquín Loredo Gutiérrez, con DNI 36147580-K, en nome e representación de ÁGORA ABERTA S.L., adxudicataria do contrato de servizos de Conciliatardes, solicitando a suspensión do contrato con motivo da declaración do Estado de Alarma Sanitaria.

Visto o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a suspensión do contrato á vista da declaración feita pola contratista sobre suspensión da prestación do servizo dende o 14 de marzo comorequisito previo ao recoñecemento de dereito de indemnización durante o estado de alarma.
- 2.- O recoñecemento de obriga a favor da Empresa Ágora Aberta SL en concepto de dereito a unha indemnización pola suspensión do contrato para o período solicitado e acreditado (do 14 ao 31 de marzo de 2020), por un importe de 971,73 €, con cargo á partida 231.22643 e o barrado do saldo existente no compromiso de gasto correspondente á adxudicación aprobada.

E sen más asuntos que tratar, ás 13:03 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.